



Resolución de 22 de maio de 2017 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 7 de novembro de 2016 (Bibliotecas Escolares Solidarias), ampliada pola resolución de 9 de maio de 2017, en referencia ás iniciativas denominadas “VOLUNTARIADO DE LECTURA-A” e SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA” correspondentes ao curso 2016/2017. Esta iniciativa realiza en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Con data 7 de novembro de 2016, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria correspondente ao curso 2016/2017 do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no que se inclúen diferentes iniciativas destinadas a promover o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a recoñecer, así mesmo, os esforzos das comunidades educativas por conformar “bibliotecas escolares inclusivas”, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento.

Entre estas accións inclúese o **VOLUNTARIADO DE LECTURA-A**, destinada a incentivar o voluntariado cultural relacionado coa lectura entre o alumnado de 5º e 6º de Primaria. Trátase de recoñecer o traballo de colaboración que veñen desempeñando algúns alumnos e alumnas nas bibliotecas dos seus respectivos centros, ao participar de forma voluntaria en actividades de xestión e de dinamización da biblioteca e, á súa vez, favorecer á extensión dunha práctica que produce excelentes resultados en relación coa adquisición de hábitos de lectura, ao tempo que contribúe á formación de actitudes de solidariedade e de colaboración entre o alumnado.

Os centros podían participar nunha ou varias das modalidades contempladas na convocatoria:

1. **Colaboración coa biblioteca escolar**
2. **Ler con... D** (Lecturas compartidas dentro do centro)
3. **Ler con... F** (Lecturas compartidas fóra do centro)

Inscribiríronse nesta iniciativa un total de 56 centros que desenvolveron as actividades previstas e, finalmente, remitiron a súa memoria correspondente no prazo previsto un total de 52 bibliotecas escolares.

Con data 9 de maio de 2017 ampliouuse a convocatoria anterior, mediante resolución da D.X. de Centros e Recursos Humanos, co obxecto de concretar o número de centros a seleccionar (máximo de 8), en función do interese e calidade das súas actividades ao longo do curso e definir, tamén, o tipo de actividades coas que se premia a dinámica de traballo voluntario por parte do alumnado dos centros finalmente seleccionados.



Para a acción denominada **SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA”**, integrada así mesmo no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, presentaron candidatura un total de 11 centros.

Constituíronse as Comisións de Valoración previstas na resolución de 7 de novembro de 2017 (apartado 4, punto 6), para a concesión do SELO “Biblioteca Escolar Solidaria”, así como a prevista na ampliación de 9 de maio de 2017 (apartado 3), para resolver “Voluntariado de lectura-A”. Para a valoración das actividades tivéronse en conta os criterios contemplados nas convocatorias de referencia. De acordo coa proposta formulada por estas Comisións e de conformidade co recollido nas resolucións citadas,

RESOLVO:

Primeiro. Voluntariado de lectura A

1. Seleccionar oito centros segundo o contemplado no punto 1 da resolución de 9 de maio de 2017, en función do interese e calidade das actividades recollidas na memoria presentada e seguindo os criterios recollidos no apartado 4 da citada resolución.

Centro	Concello	Provincia	Modalidades
CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	A Coruña	1-2
CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	1-2
CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	1-2-3
CEIP P. Virxe do Carme	Sober	Lugo	1-2
CEIP P.Manuel Bermúdez Couso	Pobra de Trives (A)	Ourense	1-2-3
CEIP A Sangriña	Guarda (A)	Pontevedra	1-2-3
CEIP Altamira	Salceda de Caselas	Pontevedra	1-2-3
CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	1-2

2. Desde o seguimento do programa iniciaranse os contactos cos centros seleccionados para organizar a realización, no propio centro, dun obradoiro específico destinado ao alumnado voluntario participante da iniciativa (cando as características do obradoiro así o requira, empregaranse as fórmulas que se consideren oportunas para axustar o número de participantes). Este obradoiro, a cargo dun ou dunha profesional, poderá estar relacionado coa narración oral e a lectura expresiva, a elaboración de *booktrailers* ou os xogos cooperativos e tradicionais. A través da Asesoría de bibliotecas escolares concretarase con cada centro o obradoiro correspondente (en función do número de alumnado voluntario, as características do centro e as preferencias manifestadas), así como as datas de celebración (semprre antes do 16 de xuño de 2017).
3. Como actividade integrada nos programas de voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca



escolar, de todos os centros inscritos no seu momento, recibirá un diploma pola súa colaboración como acción de voluntariado cultural, así como material divulgativo e de apoio ao programa.

Segundo: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”

1. Conceder o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” ao **CRA Mestra Clara Torres, de Tui (Pontevedra)**, unha vez valoradas as candidaturas presentadas e trala proposta da Comisión de Valoración.
2. Aqueles centros aos que lles foi concedido o selo en anos anteriores consérvano até non se revise esta concesión e non precisan candidatarse novamente.
3. Remitirase ao centro seleccionado un arquivo dixital co selo “Biblioteca Escolar Solidaria” que poderán inserir nos espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar. Este selo é un distintivo de calidade en termos de traballo solidario e a favor da comunidade escolar. Así mesmo, o centro recibirá un diploma acreditativo.

Terceiro: Seguimento e avaliación

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá elaborar un breve informe que difundirá a través dos espazos web de Bibliotecas Escolares de Galicia e doutros medios ao seu dispoñer, e publicará información así mesmo, sobre aquellas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas co fin de estimular este tipo de iniciativas e dar a coñecer as boas prácticas.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Pinal Rodríguez